DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 231 | Venres, 29 de novembro de 2024 | Páx. 62901

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

*ANUNCIO do 25 de novembro de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado Conversión en autovía do corredor CG-1.5, Brión-Noia. Treito I: punto quilométrico (p.q.) 11+640-21+000, clave AC/17/182.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.*

Mediante a Resolución do 8 de novembro de 2024, do director da Axencia Galega de Infraestruturas, aprobouse provisionalmente o proxecto referido, que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013 e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado: Conversión en autovía do corredor CG-1.5, Brión-Noia. Treito I: p.q. 11+640-21+000, de clave AC/17/182.01, nos concellos de Brión, Lousame e Rois (A Coruña), para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que consideren convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, se é o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013 e no artigo 50 do Decreto 66/2016.

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito a rectificación dos posibles erros da relación publicada ou opoñerse á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos aos da relación para o fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese este proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Re-

CVE-DOG: it9gber5-roc1-nlx0-mzo0-oka4ujvlwcd0

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

gulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas da Coruña, nas casas dos concellos de Brión, Lousame e Rois, e na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, onde tamén se atopa un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación:

https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: it9gber5-roc1-nlx0-mzo0-oka4ujvlwcd0

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia



ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**
**Conversión en autovía do corredor CG-1.5, Brión-Noia. Treito I: p.q. 11+640-21+000**
**Clave AC/17/182.01**
**Concellos de Brión e Rois**

| Nº | Concello | Referencia catastral | Polig. | Parc. | Titular | NIF | Sit. básica do solo (RDL 7/2015) | Expropiación m² | Bens afectados | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | Cant. | Ud. | Descrición |
| 1 | Rois | 15075A029000770000XZ | 29 | 77 | José María Velles Mayo | ***5908** | Rural | 7,24 | | | |
| 2 | Rois | 15075A029000830000XW | 29 | 83 | Manuel Lens Castro | ***2500** | Rural | 147,75 | 25 | ml | Muro de cachotaría de altura inferior a 1 m |
| | | | | | | | | | 24 | ud | Árbores |
| 3 | Rois | 15075A029000720000XX | 29 | 72 | Sabela Lens García | ***4178** | Rural | 1.249,80 | 25 | ml | Muro de cachotaría de altura inferior a 1 m |
| | | | | | | | | | 208 | ud | Árbores |
| 4 | Rois | 15075A029000710000XD | 29 | 71 | Hipólito Bargo Rodríguez | ***1445** | Rural | 3.022,20 | 503 | ud | Árbores |
| 5 | Rois | 15075A029000700000XR | 29 | 70 | Carmen Iglesias Iglesias | ***6484** | Rural | 3.350,71 | 558 | ud | Árbores |
| 6 | Rois | 15075A029001620000XO | 29 | 162 | MVMC Talabaza | | Rural | 1.942,72 | 323 | ud | Árbores |
| 7 | Rois | 15075A029000690000XX | 29 | 69 | María Mercedes Casal Mato | ***2392** | Rural | 2.032,00 | 43 | ml | Muro de cachotaría de altura inferior a 1 m |
| | | | | | | | | | 338 | ud | Árbores |
| | | | | | | | | 1.193,54 | 198 | ud | Árbores |
| 8 | Rois | 15075A029000670000XR | 29 | 67 | Ramón Martínez Lago | ***6792** | Rural | 2.372,46 | 75 | ml | Muro de cachotaría de altura inferior a 1 m |
| | | | | | | | | | 395 | ud | Árbores |
| 9 | Rois | 15075A029000860000XY | 29 | 86 | Ramón Martínez Lago | ***6792** | Rural | 180,00 | 25 | ml | Muro de cachotaría de altura inferior a 1 m |
| | | | | | | | | | 30 | ud | Árbores |
| 10 | Rois | 15075A029000660000XK | 29 | 66 | América Miguens Figueiros | ***1650** | Rural | 66,56 | 11 | ud | Árbores |
| 11 | Brión | 15013B505200980000MW | 505 | 20098 | Manuel Pisco Buyo | ***9718** | Rural | 31,09 | | | |